

# PROGRAMACIÓN PARA O ANO 1991

Dentro das actividades a realizar durante este ano de 1991, hai que destacar, en primeiro lugar, a edición deste mesmo Boletín, en principio anual, plasmando unha idea xurdida desde a constitución da propia Asociación, e que foi posible editar gracias a axuda económica da Fundación Barrié de la Maza.

Asimesmo, está en proxecto realizar unha exposición fotográfica sobre "Explotacións mineiras do río Lor e do río Sil", aproveitando a abundante material fotográfico recollido nas viaxes

feitas no ano 1990, e tendo en conta a importancia arqueolóxica e histórica daquelas obras públicas romanas.

Está programada unha viaxe (os días 17, 18 e 19 de maio) ó xacemento e Museo Monográfico de Conimbriga (Portugal).

Están incluídas tamén na programación deste ano as visitas ó xacemento de Aquis Querquernis (Ourense) e Adro Vello (Pontevedra), así como algunhas conferencias ou mesas redondas, co gallo do Día dos Museos ou da devandita Exposición.

